

XOÁN XOSÉ FERNÁNDEZ ABELLA

Catoira, novembro 2015

FAUSTINO REY ROMERO

Señor alcalde, autoridades, compañeiros de mesa, miñas donas e meus señores, amigas e amigos: Moitas grazas a todos pola asistencia a este acto de louvanza ó poeta de Isorna Faustino Rey Romero. Quérolle dar grazas especiais á miña excelente amiga Fernanda Cedrón, que me invitou, xenerosamente, a participar nesta mesa. Díxenlle que a miña participación consistiría en recitar algúns poemas do poeta e compoñer eu outros, volvendo a ler, antes, ou ler de novo a maior parte da obra como así fixen.

No ano 1.953 regaloume o meu amigo Xosé Fernández Ferreiro "Doas de vidro", do 1.951, prologado, nada menos, que por Victoriano Taibo e cunhas fermosas ilustracións de Xesús Rodríguez Otero. O libro gustoume moito. Despois lin, no 1.955, sete poemas seus na "Escolma de poesía galega (IV os contemporáneos)" de Francisco Fernández del Riego. No 1.975 comprobei como Xesús Alonso Montero incluía "O merlo morto" no seu libro "Os cen mellores poemas da lingua galega".

Quero deixar constancia aquí do libro "Obra poética e filosófica", da autoría de Faustino Rey Romero, edición preparada por Carme García e Xesús Santos, ano 1.985, e tamén dos libros "Faustino Rey Romero. Obra poética e teolóxica", ano 2.013 e "Faustino Rey Romero. Un evanxeo bufo", ano 2.015, ámbolos dous da autoría de Xosé Ricardo Losada. Por brevidade aforro falar doutras moitas lecturas, sinalando que me foron de moita utilidade os libros de Xesús Santos, Carme García e Xosé Ricardo Losada, nos aspectos da vida, loitas, obras e franciscanismo, reafirmándome en moitas ideas que eu tiña.

De todo isto falarán outros membros da mesa, pero manifesto aquí que estou bastante de acordo cas ideas expresadas polos tres últimos autores.

Vou recitar catro poemas de Faustino e despois catro meus, que me suscitou a lectura dalgúns dos seus libros.

Antes de procedes ó recitado, quero pedir para Faustino Rey Romero o Día das Letras Galegas, aínda que ben sei que se fico con anterioridade, pero ben sei tamén que a R.A.G. non fixo ningún caso. O Concello de Rianxo e tódolos concellos da zona deben facelo e busca-lo xeito de que lle cheguen á R.A.G. milleiros de sinaturas solicitando o mesmo. Abonda xa de posible inquisición. Hai que reparar esa inxustiza.

Estes son os poemas de Faustino.

SERÁN (recitado)

Ese melro é un milagre, pois, cantando alá fóra,
síntoo escarabellarme no máis fondo do peito.
El reméxeme as cinzas de xa mortas lembranzas,
e aluméaas co lume do seu loiro peteiro.

¡Ai que doce meiguice! ¡Ai que leda saudade
eu no corazón sinto, que ese é o albre que eu teño!
¡Ai se nel para sempre me cantara o paxaro!
Ven a modo, noitiña, n'escorrénte-lo melro.

O MELRO ÉRGUENOS DA ANGURIA

Érgueme tu. Pendúrame do fío
musical que, feliz teu bico tece.
Érgueme tu á outura onde se esquece
desta anguria vital o albedrío.

Régame tu coa auga dese río
que en melódicas ondas se estremece.
Régame tu por ver se reverdece
meu corazón, tan murcho de cotío.

Préndeme ó intre teu, i eu sin memoria,
ficarei, ó final, ceibe da historia,
que quer decir ficar ceibe de penas.

Esquecido de min i os meus asuntos,
ficaremos tu i eu no gozo xuntos,
i o derredor de nós a anguria apenas.

PREGARIA DO AFIADOR

Señor, a ti che pido, pois e-lo que governas
o mundo por que eu ando constantemente soio,
que nunca falten azos para istas miñas pernas,
nin para o meu descanso a palla dun alboio.

Eu vou cara a ningures e vou a todas partes
(coitelos e navallas as hai na terra toda).
Só pido que os perigos do meu camiño apartes
i a paz vaia conmigo detrás da miña roda.

Galicia, 1.952

LAS TORRES DEL OESTE

Mudos vigías enhiestos
por el tiempo mutilados;
blasón de la noble alcurnia
de unos siglos ya lejanos;
barrera que contuviste
la invasión de los normandos;
cuna, según las historias,
de un belicoso prelado,
Diego Gelmírez que diera
gran lustre al pueblo galaico.
¿Quién, alevé, os privó, Torres,
de vuestro esplendor de antaño?
¿Qué fue de aquellos guerreros
de ademán noble y bizarro
de quienes dícese que eran
monjes a un tiempo y soldados?
De vuestra grandeza prístina
hoy apenas queda el rastro.
Sólo hiedras piadosas
a vosotras se abrazaron
y con su manto de luto
vuestros miembros desgarrados
cubrieron para ocultar
de los siglos el estrago.
Vuestras hoscas aspilleras
que otrora el pavor sembraron
ahuyentando de esta ría
a los feroces corsarios,
de reptiles hoy guarida
son y de nocturnos pájaros.
En torno vuestro las brisas
murmuran fúnebres salmos
y la corriente del Ulla
rubrica vuestro epitafio.
¡Qué de recuerdos acuden
a mi mente al contemplaros!
Se me antoja que sois
dos gigantes ahí apostados,
dispuestos a la defensa
de aquestos pueblos de encanto.
Tenéis a Isorna de frente,
pueblo natal de Don Álvaro
de Isorna, prelado ilustre
de la silla de Santiago.
Isorna la de los pinos,
los maizales y los prados.
Oeste, Dimo, Catoira...
pueblos de un hechizo mágico.
Seguid, oh Torres de Oeste,
al tiempo desafiando
que sois reliquia preciosa
de unos siglos ya lejanos.

E estes son os meus poemas:

POEMA A "FLORILEGIO POÉTICO" (1.949)
(recitado)

Rompiches a cantar en castelán
co teu -digóo en galego- florilexio.
"Florilegio poético". E cristián.

En ti exerceu Francisco sortilexio:
amor ás cousas grandes e ás sinxelas,
fascinación total do santo egrexio,

que viu nos vermes, como nas estrelas
as pegadas -dicía- do Señor.
Verbas de fe profunda, verbas belas,

que en ti, Faustino, prenden con primor.
E a túa tendencia franciscana,
de irresistible forza soberana,
era Xustiza e era sempre Amor.

Os Tilos, 25/11/2.015

POEMA A "DOAS DE VIDRO" (1.951)

"Doas de vidro", doas dun rosario
mestura, si, de penas e humildade,
tamén, a un tempo alto poemario.

"Señor cando me eu morra"... Calidade!
Ó "paxariño morto", unha elexía;
e a "Bolboreta" pola claridade

buscar achou a morte... Unha poesía
que deixa a nosa alma atarecida:
buscar a luz a morte lle traía!

Dúas cantigas de voz entristecida
e outra cantiga máis de voz galante,
e o resto, a humildade máis sentida:

"Serán", "Conto de medo", arrepiante,
e canta, "Canta, paxariño, canta",
"Gabanza dos burriños", ¡un diamante!

Na noite "O grilo" o silencio espanta,
e óese "O sapo", ó anoitecer, cantando.
"O vagalume" as silvas abrillanta.

Vou xa este poema rematando:
hai a Xesús sentida petición
e a "O feno" se lle rende admiración.
Coa coda de Faustino vou fin dando:
"Eu o crego Faustino Rey Romero chamado,

que alá en terras de Isorna xunto ó Ulla fun nado,
estes versos compuxen, pois sentinme inspirado.
Que o meu premio Deus sexa e que Él sexa louvado,
e que a Virxe me arrede de caer no pecado".

Os Tilos, 25/11/2.015

POEMA A "ESCOLANÍA DE MELROS" (1.959 e 1.970)

Os merlos, xa reais ou xa soñados,
deléitannos na alma e nos oídos
neses sonetos a eles adicados.

Foron bos mensaxeiros elixidos
por ti para achegarnos a túa vida,
onde os problemas daban seus xemidos.

Son cauta confesión, pero sentida
da túa dor naquela Ditadura,
naquela Igrexa ó ditador rendida.

Cristián de alma sinxela, nobre, pura,
foi Francisco de Asís o teu exemplo.
A el erguiches na túa alma templo.
Tiveches, coma el, santa loucura.

Os Tilos, 25/11/2.015

E POEMA A "EL ÁNGEL DESCIELADO" (1.961) (recitado)

Quizáis foses un "Ángel descielado"
ou quizáis non, Faustino Rey Romero.
Por estas nobres causas considero
que fuches duramente condenado:

por ser un galeguista declarado
e un cristián auténtico e sincero.
Nunha igrexa que ós cartos..., ningún pero,
je el rendendo atención ó desbotado!

Amor, verdade, sátira, ironía
houbo en ti. E tamén condena á Guerra.
Galiza e liberdade, túa porfía

naquela Ditadura en que se encerra
a maldade máis vil da tiranía
que amordaza tivo á nosa Terra.

Os Tilos, 26/11/2.015

Grazas, moitas grazas.